

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 20 DE ABRIL DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

PROXECTOS DE LEI

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Proxecto de lei de artesanía de Galicia.

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Decreto polo que se aproba a revisión do Plan de emerxencia exterior de Punta Promontoiro.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Triacastela dun treito antigo da estrada LU-633 (LU-134) e do seu ramal de acceso á LU-633 (LU-134), xunto co seu dominio público viario.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Decreto polo que se modifica o Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto de ordenación do sistema de formación sanitaria especializada na Comunidade Autónoma de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se declara de utilidade pública e interese social o polígono agroforestal de iniciativa pública de Ver, no concello de Bóveda (Lugo).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública e interese social o polígono agroforestal de iniciativa pública de Freixido, no concello de Larouco (Ourense).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública e interese social o polígono agroforestal de iniciativa pública da Graña de Seoane, no concello de Montederramo (Ourense).

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se toma razón da resolución pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas galegas, para o ano 2023, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder-Galicia 2021-2027.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se aproba o Plan de obras, seguridade e melloras de accesibilidade da Rede de albergues públicos de peregrinos 2023.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Facenda e Administración Pública, e o Concello de Santiago de Compostela para sufragar os gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe máximo de dous millóns trescentos noventa e dous mil catrocentos vinte cinco euros (2.392.425,00 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se declara de interese autonómico o proxecto de aparcadoiro de vehículos pesados na ligazón da Balsa da VG-20, coa PO-010, que dé servizo ao polígono de Balaídos. Termo municipal de Vigo.
- Acordo polo que se autoriza a contratación da obra denominada autovía AG-59. Treito: A Ramallosa-enlace AC-241 cun orzamento base de licitación de trinta e dous millóns trescentos cincuenta e dous mil seiscentos trinta e catro euros con setenta e un céntimos (32.352.634,71 €).
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Burela para a execución da obra de mellora do sistema de saneamento de Burela. Fase I. Novo colector xeral de Burela. Burela (Lugo), por importe de catro millóns setecentos corenta e seis mil cincocentos noventa e cinco euros con noventa céntimos (4.746.595,90 €), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 e programa operativo Feder Galicia 2021-2027.
- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación da Estratexia para a neutralidade enerxética nas estacións depuradoras de ≥ 10.000 h-e.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación do servizo de comedor escolar en 144 centros educativos, agrupados en 24 lotes, para o curso escolar 2023/24 e 2024/25, polo procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, polo importe de vinte e cinco millóns seiscentos vinte e nove mil cincocentos corenta euros con dous céntimos (25.629.540,02 €), IVE incluído, e un valor estimado de cincuenta e sete millóns corenta e nove mil seiscentos setenta e seis mil con setenta e seis céntimos (57.049.676,76€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromiso de gasto de carácter plurianual e o establecemento de pagamentos á conta en porcentaxe superior á prevista no artigo 62.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en relación coa orde pola que se aproban as bases e se anuncia a convocatoria pública de bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para o 2023, por un importe de cincocentos cincuenta mil catrocentos sesenta e catro euros con oitenta e catro céntimos (550.464,84€).

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a superar a porcentaxe nos pagamentos anticipados e a eximir as entidades con ánimo de lucro da constitución de garantías para a solicitude de anticipos, con respecto ao proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do Programa ES-Transforma en cooperativas ou sociedades laborais e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2023, por un importe total de dous millóns trescentos setenta mil euros (2.370.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a establecer pagamentos anticipados e a eximir as entidades con ánimo de lucro da constitución de garantías para a solicitude de anticipos, con respecto ao proxecto de orde de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para o apoio á consolidación das entidades da economía social de Galicia «Bono consolida economía social» e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2023, por un importe total de dous millóns setecentos trinta mil euros (2.730.000,00 €).
- Acordo polo que se aproba o inicio da tramitación da II Estratexia da Economía Social de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), para a realización de programas de atención e protección da saúde, por importe de catro millóns vinte e dous mil oitocentos euros (4.022.800,00 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a contratación, pola Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, do servizo de transporte sanitario urxente aéreo, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, por un importe de nove millóns novecentos oitenta e nove mil seiscientos vinte euros con sesenta e dous céntimos (9.989.620,62 €) e un valor estimado de trece millóns cincocentos trinta e catro mil catrocentos noventa e catro euros con dezaseis céntimos (13.534.494,16 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do Anteproxecto de lei de loita integral contra os incendios forestais de Galicia.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a contratación dos servizos de dispoñibilidade, operación e mantemento de dous helicópteros para a prestación do servizo de salvamento marítimo de Galicia, por un importe total de corenta e catro millóns oitocentos trinta e oito mil trescentos vinte euros (44.838.320,00 €) e un valor estimado por importe de cincuenta e sete millóns setecentos oitenta e seis mil vinte e cinco euros (57.786.025,00 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Informe sobre un novo impulso para o ecosistema do libro galego no marco do Plan Xeración Cultura.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA SALIENTA QUE A NOVA LEI DE ARTESANÍA DE GALICIA MODERNIZARÁ ESTE SECTOR E INCREMENTARÁ A SÚA PROFESIONALIDADE E COMPETITIVIDADE

- O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de lei co que comeza agora a súa tramitación parlamentaria para actualizar a normativa actual que conta con máis de 30 anos
- O presidente galego subliña, entre as novidades, a creación de zonas de especial interese artesanal e a incorporación da figura de Mestre e Mestra artesá
- A nova normativa incorpora a fusión da innovación e da tradición dun sector artesán capaz de integrar o novo talento e conservar e recuperar as distintas manifestacións tradicionais, asegurando a remuda xeracional
- Na actualidade están rexistrados 831 obradoiros que forman parte da marca Artesanía de Galicia, e aspírase a superar os 1200 en 2030

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, salientou hoxe a importancia da aprobación por parte do Consello da Xunta do proxecto de Lei de Artesanía de Galicia –que agora comezará a súa tramitación parlamentaria– e que actualizará a normativa vixente con máis de 30 anos co obxecto de modernizar e incrementar a profesionalidade e competitividade dun sector, que situou entre “os que máis contribúen a xerar ‘marca Galicia’”.

Rueda puxo en valor esta actividade económica pola súa sustentabilidade, ser xeradora de emprego e estar vencellada ao territorio e subliñou que a futura lei incorpora a “fusión de innovación e da tradición” dun sector artesanal “capaz de integrar o novo talento e conservar e recuperar as distintas manifestacións artesás tradicionais, asegurando a remuda xeracional”.

Principais novidades

O mandatario galego adiantou as principais novidades que incorporará a nova lei, como a creación de zonas de especial interese artesanal. Poderán ser outorgadas aos territorios formados por un ou varios municipios ou parte deles que contén cun colectivo artesanal activo e homoxéneo onde os oficios propios estean relacionados co territorio, co procedemento e co produto, ou que teñan unha tradición artesanal de longo percorrido ou de recoñecemento histórico.

Aínda que, polo momento, non hai ningunha zona de interese preestablecida, Rueda apuntou algunhas zonas que poderían encaixar neste recoñecemento, “como a olería de Buño, as palilleiras de Camariñas ou as colareiras do Grove”, precisou.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Outras das novidades da futura lei que foron avanzadas polo presidente da Xunta é a ampliación "ata case o 50 %" do número de artesáns que hai en Galicia, xa que precisou que na actualidade hai 831 obradoiros que forman parte da marca Artesanía de Galicia e aspírase a superar os 1200 en 2030.

Ademais, incorporará a figura de Mestre e Mestra artesá coa que se distinguirá a excelencia e traxectoria no eido profesional ou divulgativo. Entre os requisitos que adiantou o mandatario galego para esta distinción será "levar alomenos 20 anos no oficio".

Unha vez aprobado polo Consello da Xunta, o proxecto de lei –que foi consensuado co sector– inicia a súa tramitación parlamentaria, con obxectivos como conservar e recuperar as manifestacións artesanais máis tradicionais; a potenciación do deseño e a artesanía contemporánea; a inclusión de novas actividades artesanais e novas vocacións; o impulso da comercialización e a mellora da rendibilidade; a profesionalización do sector; a creación de sinerxías con outros sectores ou o desenvolvemento local e a dinamización do rural, entre outros aspectos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE ACORDA A REVISIÓN DO PLAN DE EMERXENCIA EXTERIOR DE PUNTA PROMONTOIRO

Os plans de emerxencia exterior son documentos para previr e, de ser o caso, mitigar as consecuencias dos posibles accidentes graves nos que interveñen substancias perigosas, previamente analizados, clasificados e avaliados

O Consello da Xunta aprobou hoxe a revisión do Plan de emerxencia exterior (PEE) de Punta Promontoiro. Xa en 2013 os plans de emerxencia exterior de Forestal del Atlántico-Imegasa de Mugar dos e da planta de recepción, almacenamento, regasificación e expedición do gas natural licuado da empresa Regasificadora do Noroeste, S.A., tamén de Mugar dos, unificáronse neste plan de emerxencia exterior de Punta Promontoiro, que agora se revisa para garantir a súa eficacia.

O Pleno da Comisión Galega de Protección Civil informou favorablemente da revisión do plan en decembro do ano pasado. Elevouse ao Consello Nacional de Protección Civil, que tamén procedeu a informalo favorablemente. En cumprimento do artigo 33.2 da Lei 5/2007, de Emerxencias de Galicia, a renovación do plan de emerxencia exterior foi remitida o pasado 8 de marzo ao concello de Mugar dos, pois podería estar afectado en caso de accidente nos establecementos industriais recollidos no plan.

Os plans de emerxencia exterior (PEE) son os documentos que se elaboran para previr e, se é o caso, mitigar as consecuencias dos posibles accidentes graves en que interveñen substancias perigosas, previamente analizados, clasificados e avaliados. Ademais, establecen as medidas de protección máis adecuadas, os recursos humanos e materiais necesarios para a súa aplicación e o esquema de coordinación das autoridades, organismos e servizos chamados a intervir.

Deste xeito, os PEE serven para determinar as zonas de intervención e alerta, a estrutura organizativa e os procedementos de intervención para accidentes graves, a coordinación co plan estatal para garantir a súa integración e coas entidades locais para que elaboren os seus plans de actuación municipais. Tamén recollen os procedementos de información á poboación sobre as medidas de seguridade que se deban tomar e sobre o comportamento que se debe adoptar en caso de accidente, así como os medios e recursos específicos ao dispor das actuacións previstas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE TRIACASTELA DUN TREITO ANTIGO DA ESTRADA LU-633

- O Concello de Triacastela solicitou á Xunta a cesión da titularidade deste tramo, entre o punto quilométrico 27+430 e o 27+830, que conta cun ramal intermedio de acceso á estrada LU-633, no punto 27+640
- Trátase dun treito de carácter local e urbano, que constitúe unha rúa de Triacastela e que carece de funcionalidade na Rede autonómica de estradas de Galicia
- O cambio de titularidade facilitará o avance na tramitación do Plan básico autonómico de Triacastela
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Triacastela dun treito antigo da estrada LU-633 (LU-134) e do seu ramal de acceso, xunto co seu dominio público viario.

O Concello de Triacastela solicitou á Xunta a cesión da titularidade deste tramo, que conecta coa estrada LU-633 no punto quilométrico 27+430 e no 27+830. Conta cun ramal intermedio de acceso á estrada LU-633, no punto 27+640.

Trátase dun treito de carácter local e urbano, que constitúe unha rúa do núcleo de Triacastela e que carece de funcionalidade na Rede autonómica de estradas de Galicia.

Esta transferencia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta, o Concello de Triacastela terá a competencia para actuar neste treito. Esta transferencia permite avanzar ademais no Plan básico autonómico de Triacastela, que está en tramitación, ao xa non ser exixibles as determinacións da normativa en materia de estradas a este treito.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CREA DOUS NOVOS ITINERARIOS FORMATIVOS EN ENSEÑANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES DE DESEÑO QUE INCLÚEN XOIARÍA E COMPLEMENTOS

- Impartiranse na Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo, de Santiago de Compostela
- Búscase atender a formación do alumnado dun xeito máis especializado, mellorando as súas posibilidades de inserción no ámbito produtivo

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao novo decreto do plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño, a través do cal se crean dous novos itinerarios na especialidade de Produto: o xeral e o de Xoiaría e Complementos. Ambos impartiranse na Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo de Santiago de Compostela, único centro que oferta esta especialidade en Galicia.

Ata o momento non existía nesta especialidade ningún itinerario. Con esta medida búscase mellorar a formación xeral na especialidade de Produto, para dar resposta ás demandas dun sector en evolución, introducindo no plan de estudos a formación nas novas tecnoloxías inherentes ao proceso produtivo, atendendo a máis dun eido da produción industrial de obxectos, e mellorando, ao mesmo tempo, a súa especialización e as súas posibilidades de inserción no ámbito laboral.

No caso do itinerario Xoiaría e Complementos, vén dar resposta a unha demanda dun sector significativo para Galicia e de gran arraigo na nosa artesanía, representado polo Colexio Oficial de Xoiaría de Galicia, así como por asociacións con arraigo como Ourives de Compostela.

Aínda que se trate de dous itinerarios académicos diferenciados, ambos conducen a un único título de grao en ensinanzas artísticas superiores de Deseño, especialidade Produto, ben sexa en itinerario xeral ou en itinerario Xoiaría e Complementos.

Perfil profesional

O deseñador de produto é un profesional capaz de proxectar, analizar, investigar e determinar as propiedades e calidades físicas, así como os valores simbólicos e comunicativos que caracterizarán as súas producións, definindo a forma, a configuración, a calidade, o funcionamento, o valor e a significación estética, social e ambiental destas. Os ámbitos principais onde desenvolve a súa actividade profesional abranguen desde o deseño de envases e embalaxes, ata o ecodeseño, pasando pola artesanía, a xoiaría, o mobiliario...

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O primeiro curso destes estudos será idéntico para os dous itinerarios. A partir de aí, ademais das materias comúns, o itinerario xeral comprende, repartidas entre o 2º e o 4º curso do título de grao, as disciplinas de Modelos e Prototipos I e II, Proxectos de deseño de produto I, II e III, Materiais II: xeral e Equipamento de espazos. No caso do itinerario de Xoiaría e Complementos, as disciplinas específicas do itinerario son Técnicas de produción I,II e III, Procesos de deseño de xoiaría e complementos I, II e III, Materiais II: Xoiaría e Complementos.

Estes dous itinerarios poranse en marcha o vindeiro curso 2023/24 para ilos implantando gradualmente ata o curso 2026/27, que será a última vez que se imparta o 4º curso consonte o anterior plan de estudos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O DECRETO DE ORDENACIÓN DO SISTEMA DE FORMACIÓN SANITARIA ESPECIALIZADA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

- O decreto pon en valor as figuras dos titores e dos xefes de estudos, e prima o seu exercicio configurando un estatuto cunha serie de medidas.
- Configura un estatuto do titor que inclúe vantaxes para este persoal na organización dos seus horarios, no seu acceso a formación, na reserva de prazas ou nos baremos para ofertas de emprego, concursos de traslados ou carreira profesional
- Os profesionais responsables da formación sanitaria especializada constitúen un elemento esencial para a calidade desta
- Ademais, acúrtase o tempo para acadar os graos de carreira profesional no caso dos titores da especialidade de Medicina Familiar e Comunitaria
- A elaboración desta norma resultou moi participativa contando coas achegas das comisións de docencia, sociedades científicas, colexios profesionais e organizacións sindicais

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o novo decreto de ordenación do sistema de formación sanitaria especializada na Comunidade Autónoma de Galicia, no cal se definen as estruturas sanitarias docentes, se regulan os seus órganos, e no cal destaca o reforzo da figura do titor na formación especializada en Ciencias da Saúde.

Este decreto é o primeiro a nivel autonómico que ordena as normas sobre a formación sanitaria especializada que son competencia da Comunidade Autónoma. Ata o de agora, estíbese a aplicar a normativa xeral do Estado e os criterios regulados noutras normas (como no caso dos baremos de OPES ou concursos de traslados, carreira profesional, etc...).

A nova norma sobre formación sanitaria especializada consta de 63 artigos, divididos en 9 capítulos, 4 disposicións adicionais, 3 transitorias e 1 derogatoria.

Os profesionais responsables da formación sanitaria especializada constitúen un elemento esencial para a calidade desta. Por este motivo, as persoas titoras dos residentes -e outras figuras docentes que participan na súa formación-, constitúen o principal obxecto de tratamento da presente norma.

O decreto pon en valor as figuras dos titores e dos xefes de estudos, e prima o seu exercicio configurando un estatuto cunha serie de medidas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre elas, destacan a ampliación das facilidades para exercer o labor docente, asegurando que o titor poida dispor dun tempo específico para o exercicio das súas funcións, o establecemento de formación específica para tutores, a priorización da súa participación nas actividades de formación continuada para persoal sanitario, ou o acurtamento do tempo para acadar os graos de carreira profesional no caso dos tutores da especialidade de Medicina Familiar e Comunitaria, primando de xeito especial a estes tutores dado o contexto de déficit de profesionais existente nesta categoría.

O texto recolle os criterios sobre o procedemento de supervisión dos especialistas en formación para a súa asunción progresiva de responsabilidades por parte do residente, e tamén inclúe o procedemento para autorizar as rotacións externas e as estancias formativas de estranxeiros.

Ademais, garante que os profesionais que exerzan labores de titoría reciban unha puntuación adicional nos baremos, e incluso se lles poidan reservar prazas específicas, permitíndolles o acceso a aqueles centros que estean acreditados.

O decreto reconece e regulará formalmente as subcomisións de docencia, que son fundamentais no caso dalgunhas especialidades de enfermaría. Así mesmo, outorga o nivel de xefatura de servizo de carácter docente aos xefes de estudos, e recolle a figura de titoría de apoio para o caso de unidades que reciban un número importante de residentes en rotación, como as urxencias.

Xunto co anterior, promove a adquisición de competencias transversais por parte dos especialistas, prima a perspectiva de xénero nos indicadores de calidade e incorpora as especialidades de enfermaría na Rede de Comisións de Docencia de Galicia (Redega).

Cómpre destacar que a elaboración desta norma resultou moi participativa, contando coas achegas e suxestións das comisións de docencia, sociedades científicas, colexios profesionais e organizacións sindicais.

Coa entrada en vigor deste decreto, as vantaxes reguladas nel aplicaranse xa ao persoal que colabora na extraordinaria oferta formativa deste ano 2023.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA DE UTILIDADE PÚBLICA E DE INTERESE SOCIAL TRES POLÍGONOS AGROFORESTAIS EN LAROUCO, MONTEDERRAMO E BÓVEDA PARA POÑER EN VALOR PRETO DE 300 HECTÁREAS

- O Consello da Xunta aprobou hoxe os tres acordos da Consellería do Medio Rural, que implicarán no seu conxunto máis de 1.600 parcelas e preto de 800 propietarios
- Elévase así a 11 o número de polígonos de iniciativa pública declarados na nosa comunidade ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia
- A día de hoxe, existen 21 polígonos de iniciativa pública en distintas fases de execución, 13 xa iniciados, e oito en fase de actuacións previas, que suman unhas 8.900 hectáreas, con máis de 26.000 parcelas involucradas e máis de 7.000 propietarios implicados

O Consello da Xunta aprobou hoxe tres acordos da Consellería do Medio Rural para declarar de utilidade pública e de interese social os polígonos agroforestais de Freixido (Larouco), A Graña de Seoane (Montederramo) e Ver (Bóveda), para poñer en valor unha superficie total de case 290 hectáreas. Elévase así a 11 o número de polígonos de iniciativa pública declarados na nosa comunidade ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

Neste senso, cabe sinalar que os pasados 3, 10 e 14 de abril saían publicados no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) os acordos polos que se iniciaban os procedementos de aprobación para o desenvolvemento destes tres polígonos agroforestais (o de Freixido, o de Ver e o da Graña de Seoane, respectivamente). Unha vez aprobada a declaración de utilidade pública e interese social, iniciárase a elaboración do estudo de viabilidade, no cal se indican as actividades primarias e secundarias que se determinan tendo en conta a zonificación realizada no catálogo parcial de usos. Seguidamente, iniciárase a redacción do proxecto básico do polígono que inclúe a investigación da titularidade das parcelas e os traballos de reestruturación da propiedade nas distintas áreas, de seren necesarios.

Cabe sinalar que neste caso, ao tratarse de polígonos de iniciativa pública, os procedementos serán sometidos a un proceso de concorrencia competitiva. Ademais, cómpre ter en conta que a declaración de utilidade pública e interese social implica o recoñecemento da existencia de razóns de interese público para os efectos da aplicación da tramitación de urxencia dos procedementos.

Desta forma, coa aprobación destes decretos, que terán que saír publicados no *Diario Oficial de Galicia* para a súa entrada en vigor, declarouse a utilidade pública e interese

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

social destes procedementos, que teñen como obxectivo prioritario poñer en produción áreas de terra agroforestal con boa capacidade produtiva que acadaron co paso do tempo estados de abandono ou infrautilización, recuperando deste xeito unha actividade agrogandeira ou forestal.

Así, na provincia de Ourense, no caso concreto do polígono de Freixido (Larouco), recuperarase unha superficie de 136 hectáreas distribuídas nunhas 1.228 parcelas de 521 propietarios e prevense como usos ou actividades principais os cultivos leñosos como a vide, a cerdeira ou o castiñeiro. Canto ao da Graña de Seoane (Montederramo), apóstase pola gandaría en extensivo (pasteiros) e os cultivos forraxeiros/herbáceos nunha superficie de 98,7 ha, repartidas nuns 108 predios de 67 titulares catastrais. Por último, na provincia de Lugo, no que respecta ao polígono agroforestal de Ver (Bóveda), orientarase tamén á gandaría en extensivo (pastos) e a cultivos forraxeiros/herbáceos nunha extensión de 51,97 hectáreas, cunhas 292 parcelas e 200 propietarios.

Cabe engadir que as causas polas que procede desenvolver estes tres polígonos son a existencia dun estado de abandono ou infrautilización dun mínimo do 50 % da superficie de terras do polígono agroforestal, así como o acordo das persoas propietarias dos predios, acadando ata un 70 % da superficie das terras incluídas no perímetro proposto.

21 polígonos

A día de hoxe, existen 21 polígonos de iniciativa pública en distintas fases de execución, 13 xa iniciados, e oito en fase de actuacións previas. En total, todos eles roldan as 8.900 hectáreas, con máis de 26.000 parcelas involucradas e máis de 7.000 propietarios implicados.

Entre os iniciados, a maiores dos tres que foron hoxe a Consello están Oímbra (Oímbra), Cualedro (Cualedro), Barzamedelle (Leiro), Mandelos (Crecente), Pousada (Riós), Vilalén-Tomonde (Cerdedo-Cotobade), Vences (Monterrei), Solbeira (Padene de Allariz), Curtis (Curtis) e Remuíño (Arnoia).

Ademais, hai outros oito polígonos de iniciativa pública en que se ten iniciado un procedemento de actuacións previas. Trátase dos de Barcia (Navia de Suarna), Prado (Castrelo de Miño), Panascos (Tomiño), Alta Limia, Corno do Monte e Lamas Ganade (todos eles en Xinzo de Limia), San Salvador de Sabucedo (Porqueira) e Soutopenedo (San Cibrao das Viñas).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCARÁ AXUDAS PARA APOIAR O AFORRO E A EFICIENCIA ENERXÉTICA DAS EMPRESAS GALEGAS

- O Consello da Xunta aproba as bases desta convocatoria que contará cun orzamento de 7,5 millóns de euros
- Terá carácter bianual para ofrecer unha maior flexibilidade na execución das actuacións e a selección de proxectos será en réxime de concorrencia non competitiva para manter aberto durante máis tempo o prazo de solicitude
- Incorpora unha liña de apoios para aquelas empresas que presenten proxectos que reduzan as emisións de gases de efecto invernadoiro nun 30 % como mínimo
- Prevese a mobilización de 30 millóns de euros, aforros na factura enerxética de 5M € anuais e a redución de emisións equivalente a plantar 950.000 árbores

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá unha nova convocatoria de axudas para promover o aforro e a eficiencia enerxética nas empresas galegas. Esta iniciativa da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación está dotada con 7,5 millóns de euros, financiados a través dos fondos comunitarios do programa Feder Galicia.

Poderán ser beneficiaras empresas e autónomos con domicilio social ou algún centro de traballo en Galicia, así como empresas de servizos enerxéticos.

Esta nova orde de axudas terá carácter bianual para ofrecerlle unha maior flexibilidade ao tecido empresarial e o procedemento de concesión será o de concorrencia non competitiva para manter aberto durante máis tempo o prazo de solicitudes. A contía das axudas será do 35 % do custo elixible para grandes empresas, o 45 % para as medianas e o 55 % para as pequenas cun máximo de 1 millón de euros por proxecto.

As axudas pretenden fomentar os investimentos en aforro e eficiencia enerxética nas compañías galegas, reducir os custos enerxéticos nas facturas, aumentar a eficiencia e dinamizar a economía. Con respecto ás anteriores convocatorias, introdúcense novidades como a valoración do aforro enerxético tanto en termos de enerxía final como primaria, a estruturación das axudas segundo o tamaño de empresas e coa inclusión de infraestrutura pública fronte á división anterior por sectores de actividade, así como a incorporación dunha liña para aquelas compañías que reduzan, como mínimo, un 30 % os gases de efecto invernadoiro.

Prevese a mobilización de 30M €, aforros económicos de 5 millóns ao ano e unha redución de emisións equivalente á plantación de 950.000 euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN DE MELLORAS NA REDE PÚBLICA DE ALBERGUES PARA ESTE ANO

- O obxectivo é levar a cabo actuacións de melloras en 69 albergues da rede pública, polo que serán mobilizados máis de 1 Mle€
- Levarase a cabo tamén unha actuación especial de reforzo estrutural e rehabilitación no albergue da Casona de Triacastela, en Pedrafita do Cebreiro, que conta cun orzamento de 48.000€

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que aproba o plan de melloras na Rede pública de albergues para este ano. Con base neste acordo mobilizarase máis de 1 millón de euros para actuacións de melloras en 69 albergues ao longo de este ano.

O Goberno galego como responsable da xestión, conservación e mantemento das rutas e das infraestruturas asociadas ao Camiño, pon en marcha actuacións de melloras nos albergues da rede pública para mellorar as instalacións, acometer as obras de mantemento necesaria e incremento da seguridade e da accesibilidade, entre outros.

Para o seu cumprimento o Goberno galego levará a cabo obras de melloras con actuacións no exterior e no interior dos albergues: pintura e mellora de illamentos no exterior e melloras de elementos no interior dos albergues. Levaranse a cabo actuacións para a adaptación ás novas normativas de seguridade sanitaria, coa instalación de bombas de auga, alxibes e depuración de augas, melloras de accesibilidade coa instalación de bucles magnéticos en todos os albergues, inodoros adaptados naqueles onde aínda non se instalasen e sistema de guiado podotáctil

As actuacións acometeranse en 69 albergues situados en 7 das rutas do Camiño de Santiago: 5 no Camiño de Fisterra-Muxía, 20 no Camiño Francés, 6 no Camiño Inglés, 8 no Camiño Norte, 10 no Camiño Portugués, 6 no Camiño Primitivo e 13 no Camiño Vía da Prata. Ademais, levarase adiante unha actuación especial de reforzo estrutural e rehabilitación da fachada no albergue da Casona de Triacastela, en Pedrafita do Cebreiro, que conta cun orzamento de 48.000€.

Galicia conta con 75 albergues que conforman a Rede pública de albergues e que poñen á disposición dos peregrinos máis de 4.000 prazas de aloxamento.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACHEGA 2,39 M€ AO CONCELLO DE SANTIAGO PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE CAPITALIDADE

- O Goberno galego contribúe así ao mantemento dos servizos na cidade derivados da súa condición como capital de Galicia e sede das institucións autonómicas
- A cantidade consignada para 2023 mantense estable con respecto ao ano pasado

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Facenda e Administración Pública e o Concello de Santiago en virtude do cal o Goberno galego achegará 2,39 millóns de euros ao consistorio compostelán no ano 2023 para o financiamento dos gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma.

Este acordo enmárcase na Lei 4/2002, do estatuto de capitalidade de Santiago de Compostela, que recoñece a cidade compostelá como sede das institucións autonómicas e capital de Galicia. A citada norma regula, ademais, as relacións de colaboración e cooperación entre o Concello e a Xunta de Galicia.

Neste sentido, o Estatuto de capitalidade establece a necesidade de achegar, por parte do Goberno galego, financiamento específico para axudar a sufragar o custo adicional derivado da presenza das institucións autonómicas no termo municipal de Santiago de Compostela. A cantidade consignada para 2023, 2.392.425 €, mantense estable con respecto ao ano pasado.

O órgano encargado da interpretación e seguimento do cumprimento deste convenio será o Consello da Capitalidade, órgano colexiado de carácter permanente creado ao abeiro do Estatuto de capitalidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO O APARCADOIRO DE VEHÍCULOS PESADOS NO ENLACE DA Balsa NA VG-20, QUE DARÁ SERVIZO AO POLÍGONO DE BALAIÓDOS, EN VIGO

- O Goberno galego adopta este acordo na súa contribución ao desenvolvemento das políticas autonómicas sectoriais de seguridade viaria e de operatividade loxística de mercadorías, e pola súa incidencia económica, social e territorial
- A declaración de interese autonómico atende á tramitación da solicitude do Consorcio da Zona Franca de Vigo, tras obter os informes favorables do Concello de Vigo e das administracións directamente afectadas
- Segundo o previsto na Lei de ordenación do territorio de Galicia, a aprobación definitiva do proxecto levará implícita a declaración da súa utilidade pública e a adaptación do planeamento urbanístico
- Acórdase tamén a designación da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente para a tramitación do procedemento de aprobación deste proxecto

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración do aparcadoiro de vehículos pesados no enlace da Balsa, da VG-20 coa PO-10, que dará servizo ao polígono de Balaídos, no municipio de Vigo, como proxecto de interese autonómico.

O Goberno galego autorizou esta declaración de interese autonómico para os efectos previstos na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, que implicará, tras a aprobación definitiva do proxecto, a declaración da súa utilidade pública e a adaptación do planeamento urbanístico.

A declaración de interese autonómico, de acordo á tramitación da solicitude do Consorcio da Zona Franca de Vigo a través da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, é necesaria para garantir a adecuada inserción no territorio das actuacións que constitúen o obxecto da proposta, a súa conexión coas redes e servizos correspondentes, sen menoscabo da funcionalidade dos existentes e a súa adaptación á contorna en que se localicen.

O Goberno galego dálle así o seu visto é prace á proposta, na coincidencia na súa contribución ao desenvolvemento das políticas autonómicas sectoriais de seguridade viaria e de operatividade loxística de mercadorías, e que inciden no desenvolvemento económico, social e territorial de Galicia.

O acordo adóptase tras obter os informes favorables do Concello de Vigo e das administracións públicas cuxas funcións puidesen resultar afectadas pola actuación, e a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

emisión do informe preceptivo da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Cómpre lembrar que a autorización da declaración de interese autonómico realízase sen prexuízo de que para a redacción definitiva do proxecto construtivo, así como para a execución das obras pretendidas, deban considerarse as prescricións sinaladas polas distintas administracións informantes e solicitar cantas autorizacións sexan precisas, incluídas as demandadas no trámite de audiencia por algunhas das administracións consultadas.

O Executivo autonómico acordou tamén a designación da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente para a tramitación do procedemento de aprobación deste proxecto de aparcadoiro de camiións, previsto executar ao sur do enlace da Balsa da VG-20 e próximo ao citado polígono de Balaídos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DO NOVO TREITO DA AUTOVÍA DE SANTIAGO-A ESTRADA, ENTRE A RAMALLOSA E PONTEVEA, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 33 M€

- O Goberno galego licitará de xeito inmediato as obras co fin de inicialas este ano
- É o 1º treito da prolongación da AG-59 como autovía libre de peaxe e discorrerá de norte a sur e paralelo á AC-841 ao longo de 3,5 km, no termo municipal de Teo
- Construiranse dous enlaces: un de adecuación do existente na Ramallosa cara á estrada AC-841 e outro de nova execución, sobre a AC-241, ao final do treito
- Esta actuación implica a execución de 6 novas estruturas: o viaduto de Santa Lucía, 3 pasos inferiores e 2 pasos superiores
- De xeito paralelo, avánzase no proxecto de construción da 2ª fase de prolongación da autovía autonómica: outros 4 km entre Pontevea e O Rollo, xa na Estrada
- A prolongación da AG-59 suporá un investimento conxunto de máis de 65 M€ e reducirá os tempos de viaxe entre Santiago e A Estrada a 10 minutos sen pagar peaxes

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe á contratación das obras para desenvolver o novo treito da autovía Santiago-A Estrada, entre A Ramallosa e o enlace coa estrada AC-241, en Pontevea, no municipio de Teo.

Os traballos, cuxa licitación vén de autorizar hoxe o Goberno galego, correspóndense coas actuacións para habilitar 3,5 novos quilómetros de prolongación da AG-59, que dá continuidade ao treito da autovía libre de peaxe que xa se atopa en servizo.

O investimento total desta primeira intervención de prolongación do novo treito de conexión por autovía do concello de Teo desde Santiago superará os 33,1 M€, tendo en conta o importe da licitación dos traballos, máis de 32,3 M€, e o pagamento dos 291 predios necesarios para materializar a intervención.

O departamento de Infraestruturas da Xunta prevé licitar as obras de xeito inmediato e convocará o levantamento de actas previas das expropiacións no segundo trimestre, co obxectivo de comezar a execución este ano, cun prazo de 20 meses.

A contratación das obras autorizada hoxe correspóndese co primeiro treito de novo trazado que discorrerá de norte a sur, cunha lixeira orientación cara ao oeste e paralelo á estrada AC-841, atravesando o municipio de Teo.

En canto ás características deste novo tramo da autovía considérase unha velocidade de proxecto de 100 km/h, con 4 carrís de 4 x 3,50 metros e mediana de 1 x 2 metros, beiravías exteriores e interiores, e bermas exteriores.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A súa lonxitude acadará algo máis de 3,5 quilómetros, con dous enlaces, un consistente na adecuación do actualmente existente na Ramallosa coa estrada AC-841 e outro de nova construción, sobre a estrada AC-241, situado ao final do treito. A actuación inclúe 6 novas estruturas: viaduto de Santa Lucía, 3 pasos inferiores e 2 pasos superiores.

No marco da intervención, redeseñárase o enlace existente na Ramallosa que comunica a AG-59 coa estrada AC-841, que constará dun ramal dirección Santiago e un de saída á AC-841. O novo enlace que se construírá na AC-241 disporá dunha vía de acceso á AG-59 en sentido Santiago e un de saída, que remata nunha glorieta de 20 metros de radio sobre a estrada AC-241.

Ademais, executaranse ao longo do trazado variantes das estradas actuais e camiños de servizo.

As 6 estruturas de nova construción serán: o viaduto en Santa Lucía, de 150 metros de lonxitude; os dous pasos superiores, un no enlace da Ramallosa de 56 metros de lonxitude e outro no enlace coa AC-241 de algo máis de 39 metros de lonxitude, e os tres pasos inferiores.

O proxecto de trazado conta tamén coa declaración de impacto ambiental favorable por parte do organismo competente.

Froito deste proceso, o proxecto da Xunta, incorpora ao proxecto construtivo un novo camiño de servizo entre os puntos quilométricos 106+300 ao 106+700, para dar continuidade e posibilitar a comunicación entre ambas as marxes da autovía.

Ademais, executarase un novo camiño de servizo paralelo ao tronco da autovía proxectada entre os puntos 107+120 ata o 107+320 coa finalidade de mellorar os accesos e comunicacións entre ambas as marxes da nova infraestrutura, das leiras e explotacións gandeiras existentes nesta contorna.

Tamén se realizará un cambio de trazado e a reposición do oleoduto Coruña-Vigo que atravesa a traza da AG-59 en dous puntos: na zona do enlace da Ramallosa, no punto 100+240, e na zona previa ao viaduto de Santa Lucía, no 100+400.

Inclúese, tamén, a modificación da sección dos pasos inferiores dos eixos 11 e 19 (puntos quilométricos 106+320 e 107+119) e do paso superior do eixo 17 (punto 104+789), co obxectivo de dar continuidade ao Camiño da Geira e dos Arrieriros interceptados pola actuación.


De xeito paralelo estase traballando no proxecto de construción das obras da segunda fase de prolongación desta autovía autonómica: outros 4 quilómetros entre Pontevea e O Rollo, xa no municipio da Estrada.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A prolongación da AG-59 suporá un investimento conxunto de máis de 65 M€ e reducirá os tempos de viaxe entre Santiago e A Estrada a 10 minutos sen pagar peaxes.


Planta da actuación do primeiro subtreito de prolongación da AG-59:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE BURELA PARA EXECUTAR O NOVO COLECTOR E MELLORAR O SISTEMA DE SANEAMENTO DO MUNICIPIO CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 4,7 M€

- Reforzarase a capacidade dos colectores, evitando alivios sen tratar e concentrando as augas para o envío á nova depuradora
- Executarase unha estación de bombeo e tratamento de augas que recollerá a maior parte das augas residuais de Burela para impulsalas cara á futura depuradora
- Renovarase a rede de colectores xerais para dirixir as augas residuais á nova estación de bombeo e construíranse novos colectores secundarios para dar servizo á zona portuaria
- A Xunta financiará integramente a actuación e prevé licitar as obras nas próximas semanas para inicialas a finais deste ano cun prazo de execución de quince meses, incluída a súa posta en marcha
- Esta actuación completárase coa nova depuradora, obxecto dun proxecto independente, que está redactado e en fase de tramitación ambiental

O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración co Concello de Burela para a execución do novo colector xeral, que mellorará o sistema de saneamento do municipio cun investimento autonómico de máis de 4,7 M€.

O Executivo autonómico deulle o visto e prace á colaboración técnico-financeira entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, e o Concello de Burela, para materializar unha primeira fase da mellora do sistema de saneamento e depuración do municipio, que se complementará coa nova depuradora, que forma parte dun proxecto independente, que está redactado e en fase de tramitación ambiental.

As actuacións teñen como obxectivo o reforzo da capacidade dos colectores existentes, evitando os alivios sen tratamento previo e concentrando nun único punto as augas para tratar para o seu envío á nova depuradora, funcionando como bombeo de cabeceira.

Segundo establece a colaboración técnico-financeira autorizada hoxe polo Consello da Xunta, Augas de Galicia asumirá integramente o financiamento, contratación e execución das obras.

Pola súa banda, o Concello de Burela asume a colaboración na realización das xestións pertinentes para posibilitar a execución das obras, así como a recepción, mantemento e conservación das actuacións que se leven a cabo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta actuación será cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 e Feder Galicia 2021-2027.

Unha vez autorizada hoxe a colaboración, Augas de Galicia prevé licitar as obras nas próximas semanas, co obxectivo de comezar os traballos ao final deste mesmo ano 2023. A actuación conta cun prazo de execución de 15 meses, incluída a posta en marcha das instalacións.

A actuación obxecto do acordo de colaboración autorizado hoxe polo Executivo autonómico desenvólvese na súa totalidade no ámbito do porto de Burela, con inicio na glorieta final do novo viario de acceso portuario, desenvolvéndose ao longo de todo o viario principal do porto, rúa Eijo Garay, rúa do Porto e o viario do dique.

En concreto, as obras proxectadas pola entidade hidráulica da Xunta comprenden a execución dunha estación de bombeo e tratamento de augas residuais que recollerá a maior parte das augas residuais de Burela para impulsalas cara á futura depuradora.

A intervención tamén inclúe a renovación da rede de colectores xerais de saneamento para redirixir as augas residuais á nova estación de bombeo e tratamento de augas residuais, e a execución de novos colectores secundarios para dar servizo de saneamento a toda a zona portuaria, reducindo a infiltración de auga ao sistema na zona da fronte marítima.

Ademais, construírse unha impulsión desde a nova estación de bombeo e tratamento de augas residuais á nova depuradora, unha conducción de vertido entre a nova depuradora e a instalación actual, e un bombeo secundario e a correspondente impulsión á nova depuradora da zona adxacente á lonxa.

O Goberno galego impulsa estes traballos de mellora do sistema de saneamento deste municipio lucense en apoio ás competencias municipais en materia de saneamento e depuración.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Localización del ámbito de actuación proxectada pola Xunta:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACORDA ELABORAR UNHA ESTRATEXIA PARA ACADAR A NEUTRALIDADE ENERXÉTICA EN 70 DEPURADORAS DE AUGAS RESIDUAIS QUE CONSUMEN TANTO COMO 10.600 FOGARES

- Galicia será pioneira en España na implantación desta estratexia, que suporá un aforro con respecto aos 105 GWh anuais de gasto enerxético das depuradoras de máis de 10.000 habitantes, que supón un custo anual de entre 15 e 21 M€
- O obxectivo é deseñar a folla de ruta para que en 2040 o 100 % da enerxía utilizada por estas instalacións proceda de fontes renovables, fronte ao 6 % actual
- A estratexia xirará sobre dous piares fundamentais: a redución de consumos e a mellora da eficiencia enerxética, e o incremento da xeración de enerxía renovable, segundo a que mellor se adapte a cada instalación
- O custo do consumo eléctrico nas 28 depuradoras xestionadas pola Xunta subiu de media en 2022 un 175 %
- A curto prazo, o Goberno galego investirá preto de 300.000 € para avanzar cara á neutralidade enerxética coa instalación de paneis solares nas plantas de Alfoz, Ortigueira, Gondomar, Nigrán, Tomiño, Vilaboa e A Pobra do Caramiñal
- Dentro de 3 meses, tras a elaboración dos pregos, licitarase o contrato de servizo para a definición da estratexia, que recollerá a situación actual, as problemáticas existentes e as liñas de actuación

O Consello da Xunta acordou hoxe o inicio da tramitación da estratexia para acadar a neutralidade enerxética nas 70 estacións depuradoras de augas residuais urbanas de máis de 10.000 habitantes da Comunidade Autónoma, cuxo consumo equivale ao de 10.600 fogares. Para iso, procurarase a redución dos seus consumos e a xeración de enerxías renovables.

O Goberno galego impulsa así a folla de ruta da Estratexia para a neutralidade enerxética das depuradoras, que fixa como obxectivo que en 2040 o 100 % da enerxía utilizada polas instalacións de augas residuais de máis de 10.000 habitantes de Galicia proceda de fontes renovables, que hoxe non achegan nin un 6 % da enerxía consumida.

Deste xeito, a Xunta, a través de Augas de Galicia, adiantase ás políticas europeas en liña co Pacto Verde Europeo e á inminente implantación da nova Directiva sobre o tratamento de augas residuais urbanas, situando a Galicia como pioneira en España en iniciar a implantación da neutralidade enerxética nestas instalacións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para iso, a entidade hidráulica da Xunta desenvolverá un plan de actuacións que definirá e concretará as necesidades, obxectivos e directrices para acadar o desenvolvemento da Estratexia para a neutralidade enerxética nas estacións depuradoras urbanas de máis de 10.000 habitantes que hai en Galicia.

Tendo en conta os consumos actuais, a nivel global en Galicia, a implantación da Estratexia suporá un aforro importante dos 105 GWh anuais que consomen estas depuradoras urbanas na Comunidade, o que equivale ao consumo enerxético total de 10.600 fogares e que, cos prezos do último ano, supón un gasto anual entre 15 e 21 M€.

A crise enerxética, a aposta pola xestión da auga máis eficiente e sustentable e a adaptación ás novas normativas emanadas da Unión Europea referendan o traballo da Xunta na adopción de medidas encamiñadas a ser máis eficientes e a abaratar os custos na xestión da auga, que son obrigadas para ás administracións.

Na actualidade, en Galicia hai 148 depuradoras de augas residuais urbanas de máis de 2.000 habitantes, das cales 70 son de máis de 10.000. Estas instalacións son xestionadas na súa meirande parte polos concellos e 28 plantas pola Xunta, a través de Augas de Galicia.

Elaboración da Estratexia

A elaboración da Estratexia comezará pola análise exhaustiva dos diferentes aspectos das estacións depuradoras, tendo en conta o obxectivo de acadar a neutralidade enerxética nas instalacións de augas residuais urbanas, ao máis tardar en 2040, nas 70 instalacións existentes actualmente en Galicia.

En concreto, a nova directiva europea que se está tramitando fixa como obxectivo para o 2030 que o 50 % da procedencia da enerxía total anual utilizada polas ditas plantas de tratamento de augas residuais sexa de fontes renovables, representando o 75 % no 2035, ata acadar o 100 % antes do 31 de decembro de 2040.

A evolución dos custos eléctricos totais das plantas depuradoras xestionadas pola Xunta, tomando como orixe o ano 2020, non deixou de subir e acadou o seu maior pico ao longo do ano 2022. O incremento máximo porcentual, aínda que é moi variable dependendo do tamaño e tipoloxía da depuradora, oscila entre un 73 % nas instalacións de Muros e o 375 % na planta de Tomiño, situándose o incremento máximo de media en torno ao 175 %.

Desde o terceiro trimestre do ano 2022 vense observando un descenso nos custos eléctricos, ata tal punto que no primeiro trimestre do ano 2023 alcánzanse valores

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

similares aos rexistrados a mediados do ano 2021, o que en todo caso son un 66,3 % maiores que os do ano orixe 2020.

A Estratexia da Xunta xirará sobre dous piares fundamentais: a redución de consumos que melloren a eficiencia enerxética destas depuradoras, e o incremento da xeración de enerxía renovable: fotovoltaica, eólica, hidroeléctrica ou coxeneración con biogás, segundo mellor se adapte a cada planta.

Actualmente a estimación da produción de enerxía renovable xerada nas depuradoras de Galicia ronda uns 6 GWh, polo que non supón nin un 6 % da enerxía consumida polas depuradoras de máis de 10.000 habitantes.

O procedemento que se prevé seguir na Estratexia para a neutralidade enerxética nas estacións depuradoras suporá a planificación, definición e homoxeneización das auditorías enerxéticas periódicas nas instalacións de tratamento de augas residuais urbanas de máis de 10.000 habitantes, derivada da implantación da nova directiva, de cara á súa posterior realización e envío ás autoridades europeas.

Estudarase a viabilidade na implantación de sistemas de xestión da enerxía que sectoricen os diferentes procesos e proporcionen datos de consumo en cada etapa de tratamento destas instalacións, co fin de minimizar os consumos en cada etapa da planta e prever sobrecostos innecesarios. E incidirase tamén na análise dos distintos sistemas de enerxías renovables susceptibles de utilización nas distintas plantas, así como o tipo de consumo eléctrico e necesidade de achega de enerxías renovables nas distintas instalacións.

Definiranse, ademais, as directrices técnicas e de actuación no conxunto das plantas de tratamento de augas residuais para enfrontarse ao obxectivo de neutralidade enerxética. Tamén servirá para a análise normativa e legal da implantación e establecemento das medidas para a redución e eficiencia no seu consumo enerxético. Ademais, recolleranse as actuacións a levar a cabo en cada instalación en canto á produción de enerxía renovable.

A Estratexia da Xunta para a neutralidade enerxética das estacións depuradoras permitirá impulsar o establecemento dun sistema centralizado de monitorización dos consumos enerxéticos das instalacións de máis de 10.000 habitantes cun sistema de indicadores que proporcione información sobre os rendementos enerxéticos, de cara ao control e á necesidade de envío de información ás institucións europeas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén se analizará a redución das emisións de gases efecto invernadoiro e, en concreto, do metano, que se pode lograr coas medias de eficiencia enerxética e de instalacións de renovables que se planifiquen.

Un aspecto crucial na configuración da estratexia global é a contribución tamén das plantas depuradoras das sete cidades galegas, mais a instalación de Guillarei (Consortio do Louro) á xeración de electricidade verde. Estas depuradoras maiores de 100.000 habitantes son as únicas dotadas de dixestións anaerobias para a xeración de biogás, polo que a Estratexia para a neutralidade enerxética constitúe para as cidades unha oportunidade de avanzar no reto ambiental e de sustentabilidade, obtendo os concellos un maior grao de implicación e visibilidade de cara á cidadanía nos aspectos ambientais.

Na Estratexia incluíranse programas de educación, concienciación e formación do persoal implicado, tanto das administracións competentes como das empresas concesionarias.

Tras o acordo de inicio da tramitación aprobado hoxe pola Xunta, o prazo estimado para a consecución da Estratexia para a neutralidade enerxética nas estacións depuradoras urbanas de máis de 10.000 habitantes de Galicia ascende a 21 meses.

No prazo de 3 meses elaborárase o prego para licitar o contrato de servizo para a realización dos traballos de definición da Estratexia, que recollerá a situación actual, as problemáticas existentes e as liñas de actuación a seguir.

Ademais, a curto prazo a Xunta ten previsto iniciar o camiño para avanzar cara á neutralidade enerxética, dando os primeiros pasos coa instalación de paneis solares nas estacións depuradoras de augas residuais que xestiona a Administración autonómica en Alfoz, Ortigueira, Gondomar, Nigrán, Tomiño, Vilaboa e A Pobra do Caramiñal. O investimento previsto nestes primeiros proxectos ascende a preto de 300.000 euros. Esta actuación encádrase dentro do proxecto Aqualitrans, financiado con fondos europeos no marco do Programa operativo de cooperación transfronteiriza España-Portugal 2014-2020.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ENXALZA A APOSTA DA XUNTA POR MELLORAR A CALIDADE, SERVIZO E ATENCIÓN DOS COMEDORES ESCOLARES DE XESTION INDIRECTA CUNHA SUBA DAS ACHEGAS POR MENÚ E COA SUPERVISIÓN DOS MESMOS POR UN NUTRICIONISTA

- Atribúe todas estas melloras ao novo prego de prescricións aprobado hoxe polo Consello da Xunta e que rexerá a contratación de 144 comedores para os vindeiros dous cursos por un importe de 25,6 M€, con 7,2 M€ máis que o anterior contrato, que hoxe autorizou o Consello
- Salienta que se eleva un 21 % a achega da Xunta por menú ás empresas adxudicatarias, que lle permitirá facer fronte ao aumento do custo da vida derivado da inflación
- Garante que as familias galegas seguirán a pagar o mesmo polo comedor en función da súa renda, e con cotas conxeladas desde hai dez anos
- Adianta que deste xeito se aumentará o número de escolares usuarios de comedores xestionados pola Xunta; 1400 mais ata superar os 13.000 nesta tipoloxía, preto de 600 deles atendidos ata o de agora por anpas e concellos
- Pon en valor que se introduza, por primeira vez, de xeito obrigatorio a figura do nutricionista, persoa con título de diplomado ou graduado en Nutrición Humana e Dietética, que se encargará de deseñar, supervisar e certificar todos os menús servidos polas empresas nestes comedores
- Destaca que as empresas que se presenten a concesión do servizo de comedor deberán contar cunha listaxe de cada un dos seus provedores e terá a máxima puntuación as que merquen alomenos a metade dos produtos a carón dos colexios aos que dan servizo

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, enxalzou hoxe a aposta do Goberno galego por mellorar a calidade, servizo e atención dos comedores escolares xestionados indirectamente pola Administración autonómica cunha suba do 21 % da achega por menú que reciben as empresas adxudicatarias e coa supervisión obrigatoria dun especialista en Nutrición, entre outras medidas.

Estas melloras reflíctense no novo prego de prescricións aprobado hoxe no Consello da Xunta e que rexerá a contratación da xestión de 144 comedores escolares xestionados de forma indirecta pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para os vindeiros cursos 2023/24 e 2024/25, por un importe de 25,6 millóns de euros, que supón un 7,2 M€ máis que o contrato anterior.

Rueda explicou que a Xunta xestiona oito de cada dez prazas de comedor que hai en Galicia, que supoñen 60.200, repartidos en 417 comedores. A maioría deles están xestionados de xeito directo pola Xunta, mentras que o servizo de 144 comedores

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

realízase a través dunha empresa e son, precisamente, estes comedores escolares os que se verán beneficiados por este novo prego aprobado hoxe no Consello.

Rueda salientou que a inxección económica do novo prego supón unha importante mellora do prezo por menú que a Xunta aboa ás empresas adxudicatarias, da calidade dos menús (valores nutricionais, rotación...), da atención ao alumnado usuario deste servizo, das exixencias en canto a mantemento e limpeza de instalacións, de xestión e formación de recursos humanos e de xestión ambiental, entre outros.

Incremento de prezo/menú sen repercusión para as familias

O presidente galego detallou que novo contrato que sairá a licitación nas próximas semanas eleva nun 21 % o prezo do menú que a Xunta aboa ás empresas adxudicatarias, ao pasar dos 4,82 € de media actuais aos 5,83 € a partir do vindeiro curso.

Deste xeito, segundo apuntou, permitirá que as empresas fagan fronte á suba de prezos pola inflación e garantizará que as familias galegas sigan a pagar o mesmo polo comedor, sempre en función da renda. En todo caso, lembrou que a Xunta ten conxeladas as contías do comedor desde o ano 2013 e que o 80% dos nenos e nenas teñen este servizo de balde ou pagando 1 euro.

Ademais, argumentou que este incremento vai permitir aumentar o número de escolares usuarios de comedores xestionados pola Xunta, xa que través deste novo contrato, atenderse un total de 13.091 usuarios, o que supón 1.418 novos (un 12 % máis) en comedores de xestión indirecta que asume a Xunta, preto de 600 deles atendidos ata o de agora por anpas e concellos.

Programación de menús e control nutricional

O prego aprobado hoxe polo Consello da Xunta inclúe unha serie de requisitos para garantir a mellor calidade dos menús que reciben os nenos e nenas. Así, Rueda puxo en valor que por primeira vez será obrigatorio que todos os menús sexan supervisados por un especialista en nutrición con formación acreditada e específica neste campo con título de diplomado ou graduado en Nutrición Humana e Dietética.

O mandatario galego explicou que as empresas adxudicatarias terán que deseñar unha proposta de programación trimestral -por tramos semanais ou quincenais- onde os pratos deben cumprir coa composición, variedade, equilibrio enerxético e nutricional e calidade establecidas nos pregos e avalados polas autoridades sanitarias.

Nesta programación trimestral indícarase a composición, o valor nutricional (calorías, proteínas, lípidos, hidratos de carbono...), a técnica culinaria empregada ou tipo de aceite usado, entre outros.

Plan de provedores da zona

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Rueda detallou que as empresas que concorran a esta licitación deberán presentar una listaxe pormenorizada de provedores para cada un dos alimentos ou grupos de alimentos que se vaian utilizar nos menús, coa localidade e a zona onde están instalados os ditos provedores. Ademais, subliñou o feito de que a máxima puntuación outorgarase para aquelas empresas que ofrezan máis dun 50 % de provedores situados preto do colexios aos que dan servizo.

Cómpre subliñar que se mantén o criterio establecido xa en 2019 de que a cociña central debe estar nun radio de menos de 100 quilómetros dos centros incluídos no lote.

Fomento de hábitos saudables entre os alumnos e tratamento de residuos

O presidente da Xunta precisou tamén que se terá en conta que as empresas que se presenten a adxudicación do servizo do comedor do colexio fagan propostas de actividades para fomentar os hábitos saudables e tamén que inclúan un plan de residuos e tratamento para evitar o desperdicio de alimentos .

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A CONVOCATORIA DE 11 BOLSAS DE FORMACIÓN NOS LECTORADOS DOS CENTROS DE ESTUDOS GALEGOS DE SEIS PAÍSES

En total, destinaranse máis de 500.000 € para ensinar galego en Portugal, Alemaña, Italia, Brasil e Croacia e tamén en universidades doutras comunidades

O Consello da Xunta deu luz verde esta mañá ao acordo polo que se aproban as bases e se anuncia a convocatoria pública de novas bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas da Rede de lectorados e centros de estudos galegos, despregada en 36 universidades de todo o mundo e coordinada desde a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades.

En total, o Goberno galego destinará máis de 500.000 euros a repartir entre as 11 bolsas de formación convocadas este 2023 para ensinar galego na Universidade do Algarve (Portugal), na Universidade de Barcelona, Freie Universität Berlin (Alemaña), Universidade de Extremadura (España), Universidade de Granada (España), Universidade Nova de Lisboa (Portugal), Università degli Studi di Padova (Italia), Universidade do Estado do Río de Janeiro (Brasil), Sapienza Università di Roma (Italia), Universidade de São Paulo (Brasil) e Sveučilište u Zadru (Croacia).

O programa de formación, cunha duración máxima de tres anos, terá un marcado carácter práctico e incluírá, ademais da docencia, a programación e organización de tarefas, difusión e promoción da lingua, literatura e cultura galegas por parte dos coñecidos como lectores.

Na actualidade, o galego pódese estudar en 36 universidades do exterior, 27 das cales contan con lectores, profesores auxiliares que ensinan a lingua en centros de ensinanza asentados en departamentos coñecidos como Centro de Estudos Galego.

Requisitos para participar

Poderán solicitar as prazas convocadas as persoas menores de 35 anos que estean en posesión da licenciatura en Filoloxía Galega ou Filoloxía Románica, así como dos graos en Lingua e Literatura Galegas, en Estudos de Galego e Español, en Ciencias da Linguaxe e estudos Literarios, en Filoloxía Aplicada Galega e Española ou en Galego e Portugués.

Tamén se poderá presentar quen estea en posesión dalgunha das titulacións da área de Humanidades ou da área das Ciencias Sociais e Xurídicas sempre que, como mínimo, acredite 18 créditos de lingua galega e estea en posesión do Celga 4 e, no caso de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

universidades de fóra de España, 21 créditos en materias da lingua oficial do país en que se localice o lectorado solicitado ou, no canto destes, 21 créditos en materias de inglés.

As persoas interesadas que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria poderán enviar a súa solicitude obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta no prazo dun mes a partir do día seguinte á publicación no DOG. Ademais, cada persoa pode solicitar, como máximo, tres destinos dos ofertados.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INICIA OS TRABALLOS DA II ESTRATEXIA GALEGA DA ECONOMÍA SOCIAL COA QUE ASPIRA A XERAR 3.500 NOVOS EMPREGOS DESTE MODELO ATA 2026

- O Consello da Xunta aprobou o comezo da tramitación do documento que, con vixencia no período 2023-2026, quere atraer talento cara á economía social e mellorar a súa competitividade e crecemento en sectores emerxentes
- Na xuntanza de hoxe deuse tamén visto e prace á nova convocatoria do Bono Consolida e o programa ES-Transforma que suman 5 millóns de euros para reforzar a presenza do cooperativismo no tecido económico galego
- O Bono Consolida en 2023 avogará pola transformación dixital e eficiencia enerxética dos negocios da economía social con apoios de ata 30.000 euros por entidade
- A nova edición de ES-Transforma dispón 2,3 M€ para converter en cooperativas e sociedades laborais empresas sen remuda xeracional, unións de persoas autónomas e calquera tipo de sociedade ata un máximo de 74.000 euros de apoio

O Consello do Goberno galego autorizou hoxe o inicio da tramitación, por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, da II Estratexia galega da economía social 2023-2026, coa que se calcula crear 3.500 novos postos de traballo baixo o paraugas desta modalidade de negocio e constituír 400 novas entidades.

O documento, que se desenvolverá de xeito transversal en colaboración cos distintos departamentos autonómicos, aspira a mellorar as competencias das persoas e as capacidades das entidades dentro da economía social, para enfrontar os retos do novo contexto socioeconómico e para consolidar o seu crecemento continuo en Galicia.

A nova estratexia, que toma o relevo á primeira, vixente entre 2019-2021, apoiará o posicionamento deste modelo nos sectores tecnolóxico e dixital, verde, industrial e sustentable. O seu deseño parte de tres obxectivos estratéxicos que fixan a atención nas persoas (na mellora da súa capacitación), nas entidades (para brindarlles máis capacidade competitiva) e na gobernanza (traballo en rede das entidades).

Seguir a impulsar a presenza feminina na economía social e facer que este modelo resulte atractivo á mocidade son dous dos puntos de partida do documento co que tamén se quere seguir a reducir o tempo de constitución das entidades a polo menos 37 días de media e profesionalizar o traballo do sector.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No cumprimento das súas finalidades, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade avogará pola creación de aceleradoras de emprendemento na economía social (a través do programa ES-Factory), pola cooperación transfronteiriza das persoas emprendedoras (ES-Eurorrexión) e, entre outras accións, pola consolidación dun espazo de innovación (INNO-ES) para a transformación dixital e ecolóxica deste modelo de negocio.

Bono Consolida

O Consello autorizou hoxe, por outra banda, a nova convocatoria do Bono Consolida que, dotada con 2.730.000 euros, seguirá a apoiar a consolidación das entidades da economía social e a reforzar a súa presenza no tecido económico de Galicia.

Nesta ocasión as axudas prestarán atención especial á transformación dixital e á sustentabilidade. Artéllanse achegas máximas por entidade que poden acadar os 30.000 euros para, entre outras actuacións, financiar investimentos -realizados entre o 1 de novembro de 2022 e o 31 de outubro de 2023- en equipamento informático, desenvolvemento de software, plans de protección de datos, eficiencia enerxética ou de márketing ou imaxe corporativa.

Este ano, como novidade, inclúense entre os conceptos susceptibles de financiación, os elementos de transporte e a formación para os socios afiliados ao réxime de traballo autónomo (RETA).

Programa ES-Transforma

O Goberno autonómico destinará, por outra banda, 2.370.000 € para orzamentar unha nova edición do programa ES-Transforma, no marco do que se conceden axudas máximas de ata 74.000 euros para a creación de cooperativas e sociedades laborais a partires de empresas sen remuda xeracional, da unión de persoas traballadoras autónomas, da transformación de calquera tipo de sociedade ou tras a adquisición da entidade por parte das persoas traballadoras da mesma.

A través das achegas, a Administración autonómica farase cargo de ata o 90 % dos custos en que incorran estas entidades no eido do asesoramento legal, rexistro, notarias e informes, para desenvolvemento da imaxe corporativa, obtención de certificacións de calidade, márketing, comunicación ou relanzamento comercial, ou plan de protección de datos.

Á marxe deses conceptos, os apoios abranguen tamén os gastos realizados entre o 1 de novembro de 2022 e o 31 de outubro de 2023 en equipamento informático e outros, desenvolvemento web, melloras na eficacia enerxética, reformas e mobiliario dos locais e elementos de transporte.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ 9,9 M€ Á CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE SANITARIO URXENTE AÉREO

- O 061 xestionará e coordinará este transporte mediante dous helicópteros que funcionarán os 365 días ao ano en horario de orto a ocaso
- A nova contratación incluírá melloras cuantitativas e cualitativas como a prolongación do horario de prestación do servizo e das horas efectivas de voo, ou a obrigatoriedade de dispoñer dunha aeronave de reserva ante a inoperatividade da titular así como dun sistema de voo en multipiloto
- É salientable o incremento dun 21 % nas mobilizacións do helicóptero dende o ano 2021, pasando de 964 a 1.227 en 2022

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a contratación da prestación do servizo de transporte sanitario urxente aéreo da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, por un total de 9.989.620,62 € e unha duración inicial de tres anos.

A prestación deste servizo de transporte e asistencia sanitaria aérea a pacientes inclúe o uso de dous helicópteros, así como as tripulacións especializadas e a loxística, todo coordinado pola Fundación Pública de Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

O novo contrato, que permitirá ofrecer á cidadanía a resposta máis axeitada á súa solicitude de asistencia sanitaria urxente, incluírá melloras cuantitativas e cualitativas sobre a contratación vixente. Entre as melloras cuantitativas destaca a ampliación, en 50 horas, da prestación do servizo, o establecemento obrigatorio dun sistema de voo en multipiloto, así como unha experiencia mínima para o comandante das aeronaves, aos que se lles exixirá ademais experiencia e habilitación en voo de tipo sanitario.

As medidas cualitativas inclúen máis control do servizo en canto ao incumprimento da obriga de dispoñer dunha aeronave de reserva ante a inoperatividade técnica da aeronave titular, así como melloras no servizo a través dos criterios de adxudicación, como a posibilidade de prolongación do horario de prestación do servizo, durante o tempo de crepúsculo, ata o remate dos servizos sanitarios que non tivesen finalizado ao ocaso, ou o establecemento dunha bolsa de horas que permitan incrementar o número de horas efectivas de voo.

Asemade, a contratación inclúe o asesoramente técnico na análise de seguridade que sexan requeridas en relación coas operacións para realizar nos heliportos, de xeito que permitan incrementar a seguridade na prestación do servizo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra banda, recolle o mantemento do hangar dispoñible na base de Ourense que evita a exposición da aeronave ás inclemencias meteorolóxicas e incrementa as horas de operatividade do recurso.

A contratación deste servizo, que se fará por procedemento aberto e tramitación ordinaria, busca garantir a mellor asistencia ao paciente no lugar onde sexa necesario, domicilio particular, traballo ou lugar público, así como proporcionar uns coidados de calidade asistencial, adecuados a cada doente ante cada patoloxía, durante o seu traslado ao centro sanitario que máis o beneficie. Así mesmo, o contrato pretende proporcionar á poboación da nosa comunidade o número e tipo de recursos sanitarios máis axeitados no momento actual, e con vistas a unha evolución futura en materia de saúde.

A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 conta, nestes momentos, coa maior dotación de medios da súa historia, o que permitiu atender en 2022 preto de 1.190.000 chamadas e case medio millón de procesos asistenciais a través das súas 125 ambulancias e 2 helicópteros.

Servizos do helicóptero

Destacar o incremento dun 21 % nas mobilizacións do helicóptero dende o ano 2021, pasando de 964 a 1.227 en 2022

Ademais, o número de mobilizacións dos servizos de helicóptero duplicáronse no ano 2022 en relación co ano 2008, pasando de 104 de hai máis de 12 anos, ás 218 mobilizacións do ano pasado.

As cifras amosan que a actividade do servizo de transporte sanitario urxente aéreo da Xunta de Galicia constitúe un complemento de especial valor do sistema sanitario público na atención integral aos pacientes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE MÁIS DE 4 M€ PARA O FINANCIAMENTO DE PROGRAMAS DE AXUDAS PARA AS UNIDADES ASISTENCIAIS DE DROGODEPENDENCIAS

- As unidades asistenciais de drogodependencias son de titularidade dos concellos e, no pasado ano, atenderon máis de 7.500 pacientes
- Por primeira vez, adiántase a aprobación deste convenio ao mes de abril, xa que o pasado ano aprobouse no mes de xullo e, en exercicios anteriores, asinábase no último trimestre do ano

O Consello da Xunta de Galicia vai investir un total de 4.022.800 euros destinados ao financiamento e desenvolvemento de programas de axudas para as unidades asistenciais de drogodependencias (UAD), nas que poder desenvolver programas de promoción da saúde e asistencia sanitaria ás persoas con trastornos aditivos, a través dos concellos que dispoñan destas unidades, atendendo á planificación, criterios, guías, programas e procedementos establecidos polo Sergas.

Para tal efecto, o Executivo galego aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

Coa aprobación deste investimento, a Xunta fortalece unha asistencia sanitaria accesible e de calidade, fomentando a promoción da saúde e ampliando as medidas para evitar ou diminuír o consumo de tabaco, alcohol e outras substancias prexudiciais para a poboación galega.

Cómpre sinalar que, por primeira vez, se adianta a aprobación deste convenio ao mes de abril, xa que o pasado ano aprobouse no mes de xullo e, en anteriores exercicios, asinábase no último trimestre do ano.

A nosa comunidade está a desenvolver un proxecto denominado Plan de atención aos trastornos aditivos, que prevé no seu desenvolvemento articular convenios de colaboración para diminuír a prevalencia dos trastornos por consumo de substancias e favorecer a súa prevención.

A través do convenio hoxe aprobado, preténdese dar continuidade aos servizos que viñan xestionando as entidades locais no relativo a servizos de atención sanitaria aos trastornos aditivos existentes en cada unha delas, o que implica que se preste especial

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

atención a este tipo de gastos, polo que se prevé a posibilidade de anticipos, de conformidade coa normativa aplicable en materia de subvencións.

As axudas comprenderán as funcións de indicación ou prescrición e procedementos diagnósticos e terapéuticos, atencións de saúde mental e a asistencia psiquiátrica e psicolóxica, rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable, a educación para a saúde no seu ámbito de actuación, a participación nos sistemas de vixilancia e información, a participación na docencia, a formación continuada e a investigación, así como a realización das prestacións sociosanitarias que correspondan con este nivel de asistencia, en coordinación co sistema de servizos sociais, e a participación nas accións de coordinación cos centros de atención primaria.

Cómpre ter en conta que as unidades asistenciais de drogodependencias son de titularidade dos concellos cos que se convenia e atenderon, no ano 2022, un total de 7.546 pacientes, 5.998 homes e 1.548 mulleres, nos 13 dispositivos asistenciais e ambulatorios e catro unidades de día situadas ao longo de Galicia.

A posta en marcha deste convenio, xunto cos asinados a pasada semana coas entidades sociais do sector por valor de máis de 7 millóns de euros, supón que o financiamento que a Xunta vai dedicar este ano á atención ás adiccións dende equipos multidisciplinares é de preto de 12 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA INICIA A TRAMITACIÓN DO ANTEPROXECTO DE LEI DE LOITA INTEGRAL CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS SITUANDO A XESTIÓN DO TERRITORIO COMO MEDIDA DE PREVENCIÓN FUNDAMENTAL

- Explicou que vai “actualizar” a normativa vixente que conta con máis de 16 anos e que busca “aportar unha nova visión global da loita contra o lume”, froito da experiencia acumulada e das achegas de expertos
- Resalta que un dos obxectivos principais será “impulsar a actividade agrícola, gandeira e forestal sostible” nas zonas con máis recorrencia de lumes
- O conselleiro do Medio Rural avanza que a previsión é que o proxecto de lei sexa remitido este ano ao Parlamento
- O anteproxecto artella toda unha estratexia arredor do chamado Sistema de loita integral contra os incendios forestais de Galicia, formado polas infraestruturas, medidas e accións dirixidas tanto á prevención como á protección fronte ao lume, á vixilancia e investigación e á extinción
- Descríbense conceptos como as paisaxes en mosaico ou cortalumes, o Mapa dinámico de perigo de incendios forestais, as zonas de alto risco de incendios, as áreas estratéxicas de xestión, os plans preventivos de distrito e os catálogos municipais de infraestruturas e medios de prevención
- O Plan de loita integral contra os incendios forestais de Galicia (Plifoga) substituirá o Pladiga, o dispositivo contra o lume chamarase Servizo público de loita integral contra os incendios forestais de Galicia e defínese a Rede de infraestruturas e equipamentos para a defensa contra os incendios
- Mantéñense as faixas primarias, secundarias e terciarias -que se poderán ampliar por orde se fose necesario- e incorpórase que os apercibimentos para a xestión da biomasa preto das casas serán válidos por un período de catro anos, co gallo de proceder a unha execución subsidiaria máis áxil
- Tamén se conservan conceptos como as queimas prescritas, mentres se reforzan os sistemas preventivos vinculados á poboación, así como a súa participación e colaboración na loita contra os incendios forestais

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello aprobou o inicio da tramitación do anteproxecto de Lei de loita integral contra os incendios forestais, que virá substituír a Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de 2007. “Vai actualizar unha normativa que ten xa 16 anos”, indicou.

“O obxectivo é aportar unha nova visión global, froito da experiencia acumulada ata agora e incluíndo tamén as recomendacións da comisión de estudo que se creou tras os lumes de 2017”, indicou Rueda. Ademais a normativa elaborouse mediante a pertinente

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

consulta pública previa e o proceso participativo levado a cabo coas universidades galegas e co Servizo de Prevención e Extinción.

Tal e como resaltou o presidente, a nova lei "sitúa a xestión do territorio como medida de prevención fundamental". Nesta liña, subliñou que un dos obxectivos principais é "impulsar a actividade agrícola, gandeira ou forestal sostible nas zonas onde hai máis recorrencia" de lumes.

Pola súa banda, o conselleiro do Medio Rural, José González, informou de que agora iníciase o proceso de información pública e a previsión é que o proxecto de lei poida trasladarse ao Parlamento "ao longo deste ano".

O novo texto, como explicou González, artella toda unha estratexia arredor do que se dará en chamar Sistema de loita integral contra os incendios forestais de Galicia, formado polo conxunto de infraestruturas, medidas e accións dirixidas tanto á prevención como á protección dos terreos agroforestais fronte aos incendios forestais, á vixilancia e investigación das súas causas, así como á súa extinción; cunha tripla planificación que incidirá de xeito determinante na prevención. "Un dos principais obxectivos da lei, e por iso gran parte das medidas van encamiñadas á planificación preventiva", indicou.

Sistema de loita integral contra os incendios forestais

O anteproxecto avanza na forma de planificar e crea o Sistema de loita integral contra os incendios forestais que estará formado polo conxunto de infraestruturas, medidas e accións no marco de tres tipos de planificación: preventiva, da vixilancia e investigación e do dispositivo de extinción. Deste triplo deseño sairá o Plan de loita integral contra os incendios forestais de Galicia (Plifoga), un plan quinquenal que será o substituto do actual Pladiga (Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia), xa que terá actualizacións anuais.

Dentro do Sistema de loita integral contra os incendios forestais, tamén se inclúe o Servizo público de loita integral contra os incendios forestais de Galicia (nova denominación) e a Rede de infraestruturas e equipamentos do sistema para a defensa contra os incendios forestais, que inclúe edificacións como as sedes dos distritos forestais, as bases de unidades operativas e as bases de medios aéreos, pero tamén novas figuras como as paisaxes cortalumes ou as áreas estratéxicas de xestión.

Planificación preventiva

Dentro da tripla planificación prevista destaca a preventiva que, a nivel autonómico, definirá o Mapa dinámico de perigo de incendios forestais, un documento técnico que

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

reflicte a zonificación do territorio desde a perspectiva de risco de ocorrencia de incendios forestais. Este mapa terá en conta o combustible existente, a frecuencia histórica de lumes ou as súas causas e motivacións. Tamén se establecerán a nivel autonómico as zonas de alto risco de incendios, en que a frecuencia ou virulencia dos lumes e a importancia dos valores ameazados fan necesarias medidas especiais de protección e para as que se terán en conta as mesas abertas de traballo, unha canle de participación pública nova. Estas zonas permitirán definir no nivel de distrito as áreas estratéxicas de xestión, zonas de actuación singularizada no territorio en que se optimizarán combustibles, usos, actividades ou infraestruturas para limitar a potencialidade dos incendios. Nesta liña, o conselleiro resaltou que a galega vai ser a primeira lei autonómica que recolla "a creación destas áreas estratéxicas de xestión".

Continuamos cos plans preventivos do distrito, que ampliarán os actuais plans preventivos municipais concretando a estratexia operativa e o marco de desenvolvemento das actuacións preventivas dentro do seu ámbito territorial. Deberán establecer as faixas de seguridade primarias, secundarias e terciarias, darán orientación para a alternancia de teselas de diferente inflamabilidade, identificarán zonas para facer queimas prescritas e os puntos de vixilancia fixa e a rede de puntos de auga, ademais de todos os medios dispoñibles de prevención e extinción. Mentres, os catálogos municipais de infraestruturas e medios de prevención recollerán a rede de pistas, vías, camiños, estradas e terreos de titularidade municipal, así como os núcleos de poboación e as faixas de seguridade secundarias, ademais das infraestruturas preventivas e dos medios de extinción dos que se dispón no termo municipal.

Sistemas preventivos vinculados ao territorio

A actual lei emprega ferramentas para actuar sobre o territorio co obxectivo de prever a ocorrencia de incendios forestais e/ou diminuír as súas consecuencias no caso de producirse, como a rede de faixas ou a aplicación de silvicultura preventiva. No novo anteproxecto amplíanse estes instrumentos e perfecciónanse os que xa están incluídos.

Desta maneira está previsto dispor primeiramente -dentro dos sistemas preventivos vinculados ao territorio- das paisaxes en mosaico, que son a configuración heteroxénea dun territorio predominantemente forestal xerada pola inserción de usos agrícolas, gandeiros ou forestais que modifican o modelo de combustible, dificultando a propagación do lume ou facilitando a actuación dos medios de extinción. Para o seu desenvolvemento, propóñense as paisaxes cortalumes, cuxas discontinuidades na biomasa procurarán a diversificación agroforestal do territorio freando ou atenuando os efectos dos incendios coa implantación de actividade sustentable. Así, dentro destas paisaxes cortalumes, prevese impulsar os polígonos cortalumes no marco da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, as agrupacións forestais de xestión conxunta - especialmente diversificando as masas forestais ou a plantación de especies

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

autóctonas-, actividade agrogandeira ou árbores frondosas autóctonas ou froiteiras nas faixas de seguridade e as súas ampliacións (para estes efectos, o ámbito de solo rústico dentro do perímetro dunha aldea modelo poderá ser considerado paisaxe cortalume), e sistemas silvopastorais e gandería en extensivo.

Máis aló das paisaxes cortalumes, apóstase pola diversificación das masas forestais por medio da definición de teselas de distinta inflamabilidade e combustibilidade no plan de distrito ou pola silvicultura preventiva que no novo texto se incorpora transversalmente en todas as accións que se desenvolvan no espazo agroforestal.

Mentres, mantense o sistema de faixas de seguridade (primarias -de estradas e vías férreas-, secundarias -as máis próximas ás vivendas- e terciarias -de camiños, pistas e devasas en terreo forestal, fundamentalmente-), terreos onde se ha de garantir o cumprimento das distancias que deben manter as especies arbóreas previstas na lei e o control e a eliminación total ou parcial da biomasa vexetal. Mantense a clasificación pero regúlase -como novidade- a facultade de proceder mediante orde a unha ampliación de ditas faixas, se fose necesario. E tras a inclusión na Lei de medidas dos orzamentos deste ano, incorpórase na regulación que os apercibimentos para a xestión da biomasa preto das casas serán válidos por un período de catro anos, co gallo de proceder a unha execución subsidiaria máis áxil. No marco dos sistemas preventivos asociados ao territorio, hai que aludir tamén ás queimas prescritas, aplicación directa do lume a combustibles forestais, planificado e executado baixo condicións meteorolóxicas precisas.

Sistemas preventivos vinculados á poboación

No caso dos sistemas preventivos que se dirixen á poboación créase un sistema de información que facilitará os datos cartográficos das medidas vixentes que afecten a cada parcela e, así, poderanse consultar vía web as zonas de alto risco, as áreas estratéxicas de xestión e faixas de seguridade, os usos permitidos segundo o Catálogo de solos agrícolas e forestais e medidas preventivas para cada parcela, superficies queimadas e prazo das limitacións de uso e actividades.

Tamén contemplará as áreas recreativas habilitadas para a preparación de alimentos, estado do Índice de Risco Diario de Incendio (IRDI) ou actividades limitadas, tales como as prohibicións e suspensións de queimas de restos agrícolas e forestais, o emprego de foguetes e artefactos pirotécnicos, o uso de explosivos, entre outros.

Outras novidades

No caso da vixilancia, detección e extinción dos incendios forestais, establécese que nas concesións e novos proxectos de infraestruturas en terreos agroforestais e na zona de interface urbano-forestal poderase solicitar a instalación de medios de vixilancia ou

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

infraestruturas de prevención como complemento da rede existente. Ademais, as persoas titulares de infraestruturas e instalacións que dispoñan de equipamentos tecnolóxicos de videovixilancia deberán facilitar o acceso a eles ao Servizo público de loita integral contra os incendios forestais.

Noutra orde de cousas, créase o Consello de Loita Contra os Incendios Forestais de Galicia, órgano colexiado consultivo e de asesoramento, adscrito á consellería responsable en materia de prevención e extinción de incendios forestais, que terá como obxectivo a análise e o estudo das políticas públicas relativas á prevención e extinción de incendios forestais, así como a xeración de propostas estratéxicas de mellora. Prevese tamén conformar unha unidade administrativa de carácter multidisciplinar de análise, planificación e avaliación, dentro do Servizo público de loita integral contra os incendios forestais.

A maiores, poderá fomentarse a creación de grupos de vixilancia municipal, formados por persoas voluntarias que superen os requisitos de selección, formación e adestramento que se establezan, co obxecto de colaborar na prevención e loita contra os incendios forestais. Así mesmo, para poñer en valor e promover o consumo dos produtos obtidos nas faixas de seguridade e nas paisaxes cortalumes, a Xunta poderá ademais crear e rexistrar marcas de garantía e realizar campañas de publicidade e promoción.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA SACA A CONCURSO O CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO AÉREO DE RESCATE DE GARDACOSTAS PARA OS PRÓXIMOS CATRO ANOS

- A empresa adxudicataria terá que poñer á disposición dous helicópteros para blindar un servizo que exige operatividade as 24 horas e os 365 días do ano e un tempo de resposta ante calquera emerxencia de 10 minutos
- O contrato terá unha vixencia inicial de catro anos cun importe de licitación de preto de 45 M€, pero o seu valor estimado ascende a case 58 M€ incluíndo a posibilidade de prórroga por un ano e posibles subas das horas de voo por circunstancias excepcionais
- As condicións do concurso promoven o desenvolvemento dos labores de salvamento con aeronaves modernas e dotadas coas últimas tecnoloxías pois outorga puntos adicionais polo emprego de helicópteros construídos despois do ano 2015
- A actividade que realizan o Pesca 1 e o Pesca 2 é fundamental para garantir a seguridade tanto no litoral como no interior de Galicia coa participación en numerosas emerxencias no mar e en zonas en terra de difícil acceso

O Consello da Xunta aprobou hoxe iniciar a tramitación do concurso para a contratación do servizo aéreo de rescate de Gardacostas de Galicia para os próximos catro anos. Esa licitación permitirá que o organismo dependente da Consellería do Mar dispoña de dous helicópteros para actividades de busca e salvamento, inspección pesqueira e loita contra a contaminación mariña.

O contrato ten como finalidade blindar un servizo esencial que exige operatividade as 24 horas e os 365 días do ano e un tempo de resposta ante calquera emerxencia de 10 minutos, fundamental para salvar vidas tanto no litoral da Comunidade como en zonas do interior de difícil acceso.

A licitación realízase por un período inicial de catro anos (2023-2027) e por un importe global de preto de 45 millóns de euros. Non obstante, hai posibilidade de prórroga e tamén de incremento das horas de voo por circunstancias excepcionais, polo que o valor estimado do contrato ascende a preto de 58 millóns de euros contabilizando os cinco exercicios, desde o actual ata 2028.

O obxectivo é que o novo contrato entre en vigor o 1 de novembro deste ano -o que está vixente extínguese o 31 de outubro- e que se estenda ata o 31 de outubro de 2027, ou de 2028 en caso de que se execute a posibilidade de prórroga.

Os requisitos exixidos ás empresas candidatas promoven o desenvolvemento dos labores de salvamento nas costas de Galicia con aeronaves modernas e dotadas das

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

últimas tecnoloxías. Ademais de requirir as características técnicas máis avanzadas - como unha velocidade máxima igual ou superior aos 150 nós, un peso máximo de despegue igual ou superior a 6.400 quilos, capacidade para catro tripulantes e 10 náufragos ou unha potencia de despegue superior á dos modelos actuais-, o concurso outorga puntos adicionais polo emprego de helicópteros construídos despois do ano 2015.

Experiencia das tripulacións

A maiores, na elección da empresa adjudicataria teranse en conta as ofertas económicas, a experiencia dos integrantes da tripulación (comandantes, copilotos, rescatadores e operadores de grúa) e o número de horas de voo sen custo para a Administración -ata un máximo de 100- que oferten as candidatas.

O contrato pretende garantir o servizo fundamental que prestan na actualidade os helicópteros Pesca 1, con base en Vigo, e Pesca 2, con base en Celeiro (Viveiro), para o salvamento de vidas tanto no mar como en terra, posto que ademais de intervir en accidentes no litoral da costa galega tamén participan en emerxencias no interior cando se trata de zonas de difícil acceso como nos montes ou zonas escarpadas.

De feito, o traballo das dúas aeronaves do Servizo de Gardacostas de Galicia contribuíu en boa medida a que, desde a súa creación en 1990, este organismo dependente da Consellería do Mar salvase máis de 1.700 vidas. Este labor é vital para unha comunidade que é a única de España que conta cun servizo de salvamento propio e que pon os seus medios á disposición tanto de Salvamento Marítimo do Estado (Sasemar) como doutros servizos de emerxencias para aquelas operacións en que se considera necesario recorrer aos seus medios.

Os dous helicópteros, que deberán ter capacidade para facer rescates a unha distancia de 180 millas náuticas e unha autonomía mínima de catro horas, desenvolverán tarefas de rescate, pero tamén actuacións relacionadas co resto de obxectivos do Servizo de Gardacostas, o seguimento e control da actividade pesqueira e a loita contra a contaminación mariña accidental.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA UN PLAN DE IMPULSO AO LIBRO GALEGO POR 3 M€ QUE INCLÚE NOVAS MEDIDAS PARA CREAR E FIDELIZAR LECTORES E ADAPTARSE Á TRANSFORMACIÓN DIXITAL

- O Consello da Xunta informa desta acción prevista no Plan Xeración Cultura, a folla de ruta posta en marcha este ano para reforzar o momento de expansión do sector cultural e sumar esforzos público-privados para a xeración de riqueza
- Xunto ás accións xa consolidadas inclúense outras 11 novas, como a creación do Observatorio e do Laboratorio de Literatura Infantil e Xuvenil
- Incentivaranse as empresas editoriais que inclúan materiais editados en lectura fácil e audiolibros para mellorar a accesibilidade a públicos con necesidades diversas

O Consello da Xunta informou hoxe da posta en marcha do Plan de impulso ao libro galego, un dos seis plans previstos no Plan Xeración Cultura, a folla de ruta dotada de 34 M€ para reforzar con novas iniciativas o momento de creación e expansión do sector cultural galego e xuntar esforzos desde a colaboración público-privada para a xeración de riqueza.

O documento conta cun investimento de 3 M€ e medidas consolidadas ás cales se suman 11 novas iniciativas que permitirán adaptarse á transformación dixital, adecuarse ás novas realidades de consumo e crear e fidelizar lectores. As accións abarcan cinco áreas: o apoio á creación, o impulso á edición e distribución, a proxección exterior, a difusión e o apoio ás bibliotecas públicas.

Apoio á creación

Na primeira delas, referida á creación, inclúense tres novas accións. Por unha banda,ponse en marcha por primeira vez un programa aberto para creadores no ámbito da literatura coa finalidade de realizar residencias creativas temporais na Illa de San Simón, dirixido tanto a escritores como tradutores e ilustradores galegos e de fóra de Galicia, coa previsión de que se beneficien unhas 20 persoas cun investimento de 30.000 €.

Unha segunda medida será o proxecto de colaboración co Centro Superior de Investigacións Científicas de Galicia (CSIC) para lanzar o Laboratorio de Literatura Infantil e Xuvenil. Cun investimento de 70.000 €, traballarase desde a innovación, na creación de espazos e de oportunidades entre os axentes do sector do libro, da comunidade científica e da sociedade galega que amplíen a publicación de títulos e de recursos de calidade.

En terceiro lugar, e directamente vinculado coa medida anterior, colaborárase coa Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil para a creación dun Observatorio de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Literatura Infantil e Xuvenil en Galicia, España e Iberoamérica que converta a Comunidade galega nun dos centros de referencia internacional na avaliación da situación deste tipo de literatura nas linguas iberoamericanas. O orzamento é de 50.000 euros.

Edición e distribución

Tendo en conta que a edición galega se enfrenta a moitos retos, algúns vinculados coas necesidades dos lectores e dos novos formatos de acceso aos textos e coa consolidación da lectura dixital e a existencia de públicos con necesidades diferenciadas, vaise estimular a publicación de libros en novos formatos que axude a ampliar públicos. Para iso levaranse a cabo dúas novas medidas.

Por unha banda, lanzarase unha nova liña de subvencións para incentivar as empresas editoras galegas para que incrementen a cantidade e variedade de libros producidos e que favorezan o acceso universal á cultura, así como o proceso de dixitalización da cultura galega, a través de materias de lectura fácil -para facer accesible a información a persoas con dificultades de comprensión lectora- e de audiolibros, favorecendo o achegamento sonoro aos textos literarios. Terá un orzamento de 150.000 €.

Proxección exterior

A proxección exterior do libro galego, dos seus profesionais e das súas producións é un obxectivo sempre moi presente na internacionalización da cultura galega. Inclúense neste eido dúas novas medidas. A primeira é a posta en marcha de bolsas específicas para residencias literarias fóra de Galicia para escritores, ilustradores e tradutores. Serán beneficiarios unha quincena de persoas e o investimento global será de 30.000 euros.

Tamén se establecerá un acordo especial coas editoras galegas que, a partir deste ano, van xestionar directamente a presenza do libro galego e dos seus profesionais nas feiras Liber e na de Frankfurt, cun orzamento de 35.000 euros.

Difusión

O libro galego ten nas feiras do libro de Galicia unha das súas principais fontes de difusión pública e de negocio comercial. Neste ano amplíase a colaboración cos profesionais libeiros para espallalas a máis localidades ao tempo que se vai favorecer a creación de ferramentas dixitais para a comunicación pública de actividades e eventos nas librarías. Neste sentido colaborarase na posta en marcha da axenda cultural en liña da Federación de Librerías de Galicia que recompilará a actividade que desenvolven ao longo do ano.

Apoio ás bibliotecas públicas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tendo en conta o papel das bibliotecas públicas como dinamizador imprescindible do sector do libro, este ano están en marcha novas liñas de traballo como o novo servizo de biblioteca móbil en colaboración cos concellos que non dispoñen desde equipamento cultural, nas provincias de Lugo e Ourense.

Medidas consolidadas

A estas novas medidas súmanse outras xa consolidadas que tamén se levarán a cabo ao abeiro deste plan de impulso ao libro galego que inclúe as actividades de dinamización da lectura *Ler conta moito* nas bibliotecas municipais da rede pública, axudas para a dotación de novidades editoriais en galego e mellora das coleccións bibliográficas, para a tradución, e para a adquisición de publicacións, entre outras.

Con todas estas accións preténdese dar resposta aos desafíos do libro galego coa intención de que as familias, os centros educativos e as administracións públicas coordinen liñas de actuación para que a lectura e os libros formen parte das ferramentas e das capacidades básicas da sociedade galega.